

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “FRANCISCO MAYÁN”

BASES “XXVIII CONCURSO ACHEGAMENTO Ó LIBRO”

Coa finalidade de animar aos escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e, así mesmo, propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciable de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán” e a Delegación de Cultura e Deportes do Concello de Cee convocan un ano máis o Concurso Literario de “Achegamento ó Libro”.

- 1.- Poderán participar todos os alumnos de Educación Primaria.
- 2.- O tema estará relacionado co achegamento ó libro, buscando sempre fomentar o hábito da lectura da poboación.
- 3.- Os traballos serán orixinais, inéditos e cunha extensión máxima de dous folios por unha cara.
- 4.- Os relatos deberán estar escritos en lingua galega.
- 5.- Os traballos presentaranse de forma individual ou por aula en sobre pechado, figurando no seu exterior a mención “XXVIII Concurso Achegamento ó Libro”, o título da obra, pseudónimo e o curso do participante. No seu interior, achegarase un sobre pequeno, tamén pechado, onde figuren os datos do autor/a (nome, apelidos, idade, título da obra, centro de estudos, curso, enderezo e teléfono de contacto) e o **ANEXO I** debidamente cuberto. Asimesmo, no caso de entregar os traballos por aula, débese deixar no Rexistro Xeral do Concello unha lista co nome dos/as alumnos/as participantes, xunto co nome do colexio, curso e nome co número do DNI da persoa que fai entrega do sobre cos traballos. O xurado poderá eliminar por defecto de forma as obras presentadas que non se axusten ao disposto nesta base, unha vez requirida a documentación que falte e dado o preceptivo prazo de dez días para a corrección de erros (art. 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).
- 6.- Os traballos deberán entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Cee, sito no 1º andar da Casa do Concello (Rúa Domingo A. de Andrade, s/n) en horario de mañá de luns a venres de 9.30-13.30 horas, ata o día 4 de abril ou enviar por correo ordinario, ao Concello de Cee. Rúa Domingo A. de Andrade, s/n. 15270 - Cee (A Coruña), facendo constar: “Para o XXVIII Concurso Achegamento ó Libro”, título da obra, pseudónimo e curso do participante.
- 7.- O prazo de admisión das obras comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP e rematará o día 4 de abril. As bases publicaranse no BOP, taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do concello: www.cee.gal

8.- O xurado estará formado por: Presidente: técnico da Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán”; Vogais: o responsable das Axencias de Lectura de Ameixenda e Brens, a educadora familiar do Concello de Cee e como secretario, o técnico de Cultura do Concello de Cee ou persoas en quen deleguen. O fallo será dado a coñecer a través dos medios de difusión e comunicado ás persoas gañadoras, entregando os premios nun acto convocado a tal fin. O xurado poderá declarar desertos algún ou todos os premios motivando para elo a súa resolución (art. 35 da Lei 39/2015 de 1 de outubro).

9.- Establécense tres premios, con cargo á partida 330/481.00 para premios e subvencións, correspondente ao orzamento xeral do Concello para o ano 2019, dotados con :

- 80 EUROS para o gañador de 1º e 2º de primaria.

- 90 EUROS para o gañador de 3º e 4º de primaria, e finalmente, 100 EUROS para o gañador de 5º e 6º de primaria.

Todos eles en vales, para material didáctico e libros a trocar nas librerías. Para recibir o premio, o ganador/a estará acompañado polo seu pai, nai ou titor.

10.- Para o seu veredicto, o xurado terá en conta a creatividade (ata 5 puntos), orixinalidade (ata 3 puntos) e mensaxe (ata 2 puntos) dos traballos presentados.

11.- Os orixinais quedarán en poder da Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán”, que se reserva os dereitos de explotación do traballo, produción, distribución, exposición, transformación ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.

12.- De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais., os datos dos participantes incorporaranse ó ficheiro “Participantes en actividades” deste Concello co fin de garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, a súa honra e intimidade persoal e familiar.

13.- Os concursantes, polo feito da súa participación, aceptan en todos os seus termos as presentes bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado.

En Cee, na data da sinatura dixital

O Alcalde-Presidente

Asdo. Ramón Vigo Sambade

ANEXO I

Don/Dona

Con DNI....., como pai/nai ou titor/a da alumna/o

.....

....., do centro

.....

Teléfono:

Autoriza á persoa menor de idade a presentar no rexistro do Concello de Cee o seus traballos para a súa participación en calquera dos diferentes Concursos que organiza a Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán”: XXVIII Concurso de Achegamento ó Libro e Na Procura do Noso XV Marcapáxinas.

En Cee, dede 2019

Asdo. O pai/nai ou titor/a

Máis información en:

Concello de Cee

Casa da Cultura - Biblioteca Pública Municipal “Francisco Mayán”

Paseo do Alcalde Pepe Sánchez, nº 9

15270 – Cee

Teléfono : 607029896 – 981745100

Correo electrónico : cee.rbgalicia@eidolocal.es